

proel

AMADO CARBALLO




ménder

ACADEMIA
DE LA LENGUA
ASTURIANA

03


teca



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

14403

Biblioteca



PROCEEDINGS

PROEEL

PROEEL

L. AMADO CARBALLO

P R O E L

EDITORIAL

ALBORADA

PONTEVEDRA

FRANCESCO CARBONARO




222842

P. R. O. F. L.

FRANCESCO CARBONARO
UNIVERSITY OF FLORIDA
GAINESVILLE, FLORIDA

L I M I A R




Verde canzón aldeán...
Nún refrorecer de verbas
a breixa da emoción nova
qu'ó inteleito peneira.


Na farpa donda da choiva
a mansa néboa mareira
pide esmola ás nosas almas
para redimil-a Terra.

(Pol-o vieiro da Galassia
viu a estrela devanceira
que preñou o fol da gaita
co vento mol da Proensa).

Apalpe o ollar asisado
liña e cor na Natureza
e deixando o mel no espírito
esbare a espresión certaíra.



1



A NOSA BANDEIRA

AZUL

Os pinos, foguetes verdes;
das suas ponlas pendurado,
chora o ceo estremecido,
do gris inverno amayado.

BRANCO

Os ledos regueiros,
mozos e algareiros,
van á romaría
tocando os pandeiros.
Pandeiros de prata,
de breixas, de neve,
vasos cristaiños,
onde o día bebe.

ESCUDO

O cáliz do sol reverte
roxo sangue do serân.
Sete estrelas, como pombas
que tornan ao seu pombal,
crucifican o silenzo
arredor do Sant-Graal.

O MADRIGAL A MARUCHA

Cando o día anda a morrer
encol do mar amarelo
e furan os seus salayos
a verde seda do vento...

Asomareime aos teus ollos
para ollar o craro ceo.

Os teus ollos namorantes
que gardan a Lua dentro
na lágoa da miña alma
espallarán un luar tépedo.

O meu corazón a festa
repinicara algareiro.

Aos teus beizos frorecidos,
pombal de verbas amantes,
fan romaxe os meus amores
silandeiros e arelantes.

Na fonte da tua boca
bebín as miñas saudades.

No abrente da tua alma
o paxaro milagreiro
da miña ilusión vagante
aniñara no teu peito.

No limiar da tua alma
durmírase un bico tenro.

Recidentes caraveles
no serán da tua faciana
incensan as soedades
qu'en min deixara a lembranza.

Na cor das tuas meixelas
queimouse a miña añoranza.

Nas tuas mans pensativas
—santa almohada dos meus soños.—
o meu espírito neno
acóchase con arrollo.

Os nardos das tuas mans
tecen meu lírico ensono.

O teu sonrimento neva
docemente no meu peito,
orballando craridades
con maino e levian concontento.

Do fondo da miña vida
benzoache o meu silencio.

A tua voz ateigada
de dourados agarimos,
pendura nas miñas mágoas
un resprandor cristiáño.

No salgueiro da voz tua,
florece o meu dor amigo.

SAUDADE

Meniña, pecha a fiestra,
non deixes á noite entrar;
para tebras ben abundan
estas que comigo van.

O vento anda espenuxado
oubeando como un can,
e na zanfona do bosque
salouca un tolo cantar.

Que arelas tan fondas sinto
de deixal-a alma vagar,
de perdel-o corazón
como unha dorna no mar.

Este fondo mal qu'eu teño
ninguien m'o pode sandar;
a miña alma no ensono
por vieiro iñorado vai.

É o herdo da nosa raza
esta mágoa de ideal;
sentir remotos degoiros,
chorar sin saber o mal.

Meniña.. pecha a fiestra,
non deixes á noite entrar;
para tebras ben abundan
estas que comigo van.

NA OUTA NOITE

O chíó alongado do silencio,
pérdese ao longo das ruas molladas;
o seu fío dourado, fura as tebras
e tende un cabo morno ás añoranzas.

É a hora do valeiro, a hora dos soños,
en que na alma as verbas acochadas
dúrmense no pombal do pensamento,
recollendo o seu bico baixo as azas.

Unha emoción de mar nestes instantes,
meu corazón anoitecido orballa,
e relembro o agarimo dondo e amargo
da tua cabeleira com' unha alga.

No ronsel do hourizante, brila o forno
onde tempran seu fío as alboradas,
y-engurruñase a noite nun salayo
damente vai erguéndose a luzada.

VERSOS DO MEU SILENZO

Ollos na noite pensantes
os das estrelas lonxanas,
que ennovelados nas tebras
trácnme a tua lembranza.

Antr' o agarimo da lua
salouca o meu corazón
que añora a surrisa tua.

Por camiños de luceiros
enfondados na distancia,
a tua voz sinfoniza
os ecos da miña alma.

Estou a pensar en tí
e nas miñas mans saudosas
ate o mesmo delor rí.

Baixo a pregaria oxival
do zarco mar dos teus ollos,
afóganse as miñas verbas
que van pousar no teu colo.

Tan outo cal un luceiro,
porei o meu corazón
pra que alume o teu vieiro.

2

*Midi le juste y compose de feux.
La mer, la mer toujours recommencée!*

*Paul Valery
Cimetière marin*

SOL-POR

Acorado e roibo
durmíase o día,
coa testa deitada
no colo da ría.

A campás beatas
no ceo bulían
rezando rosarios
á Virxen María.

Bogando nas nubens
cara ó ceo ían
envoltas nos ouros
do sol que morría.

Pol-o mar, as velas
eran folerpiñas,
que da lua aberta
nas ágoas caíran.

Da veira do río,
chegaban cantigas,
choutando nas leiras
molladas de risas.

Preto do hourizonte,
estrelas obrizas
frotaban os ollos
tirando a perguiza.

E bicando os lonxes
as foulas ispidas
o alen nevaban
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo
voando fuxía.
E os bosques lonxanos
noite revertían.

NOITE MAREIRA

No ébano xélido
do *skating* da ría,
voltexando ledas
esbaraban as luces da vila.

No fio da praya
as dornas durmidas,
debruzadas carón da marea
nun soño de illas.

Nas ponlas do vento
o trebón pousado
era un moucho de negro prumaxo
que agoira os naufraxios.

Unha lua verde
penduraba no mouro silenzo
un longo sorriso
de esquelete vello.

A B R E N T E

Antr'os teixos piñeirales
o rexoubante camiño
cingue os chorosos herbales
en feixes amañecidos.

No mar dorretiuse a lua.
No peitoril da montana
está o sol a madurar
antr'unhas nubens de palla.

A campía aterecida
abre os ollíños mollados,
no dondo berce do abrente
con tenro mimo dourado.

As campanas da parroquia
brincan na alma do campo
como puchos rebuldeiros
na esponxa dos toxos bravos.

No río desperto aboya
morta a paisaxe calada
na corrente van as cores
desfeitas y-esnaquizadas.

O mozo vento mareiro
funga un cantar esquencido
que chove froes nas leiras
entumecidas de frío.

MISA DA MAÑAN

Cinguen anelos ridentes
nos dedíños da mañán,
toda de branco vestida,
pois vaise casar có mar,
as campanas da parroquia,
vella madriña aldeán.

Os milleiros se axionllan
n'unha devota oración,
qu'antr-o berce das montanas
vai nacer o novo sol.

O vello rio da aldea,
madrugador e gaiteiro,
trenqueando os brancos zocos
vai a misa co luceiro.

Pol-os campos perguiceiros,
a baldada campaña
bautiza a alma da paisaxe
con choiva d' auga bendita,

Os verdes campos sensuales
fuman o opio do día.

PONTE E RÍO

No quente colo do día
choran nos ollos do río
campanas que van ao mar
c'un repinique de vidro.

O monte amasa na ría
trigo, de sol ben moído,
—Pan de Deus para a paisaxe,
e nas ágoas roibo viño—.

A corrente vai no quenlle
afinando un marmurfo.
Xabonándoa con fervenzas
lávall'a roupa o muiño.

Romeiro pra Compostela
pasa o vieiro pelengrino,
montado ao lombo da ponte,
sin se mollar no camiño.

Esta ponte é un San Cristobo,
un xigante compasivo
que agarda a que outra vez veña
pol-o mundo, o Deus-meniño.

Ten no día esta paisaxe,
un símbolo cristiño.
Pra camiñar pol-o mundo
abrázanse, ponte e río...

O F A R O

Primeira man amiga
qu'ó emigrante estreita,
foguetes debecente
nas festas da galerna.

O mar reza as suas foulas
como rosarios brancos
caron da tua cruz de luz inmovel
na noite axionllado.

Pano da derradeira despedida.
Lazariño dos barcos.
Arbor decote orfo
de ponlas e paxaros.

Que como Cristo vas encol das ágoas
estendendo os teus brazos,
mirando pol-a vida dos que dormen,
na cruz da escuridá, dependurado.

O teu ollar espalla nos ronseles
que abrino moitas proas, como arados,
no mouro alfoz das ágoas balbordantes
a semente prolífica dos astros.

Encol da noite aboyan arelantes
as tuas mans de náufrago
y-es muiño de lua en col da terra
movido pol-os ventos afiados.

Luar aventureiro e navegante,
funámbulo na corda do hourizonte,
masteleiro xigante do silenzo,
misa de luz diante do mar insomne...

És ruleta onde o patrón
xoga o ouro da sua vida
e arpón cravado no lombo
da montana fuxitiva.

ROMAXE

¡Santo Cristo de Xende...!
¡Roxa e mol terra do pan...!
Na longa agulla do río
vai enfiado o luar.

Pol-a estrada cobregante,
ate a tua porta van
de xionllos as estrelas,
para arder no teu altar.

Fuxiron as bateladas
ao despertal-a mañán,
antre xilgaros e merlos
pol-o bosque a rebuldar.

De lonxe a gaita grileira
chega falando co mar.
Nas risadas dos muiños
vai envolveito un cantar.

Nos picheles de espadeiro
estase o sol a afogar,
damente o violín do cego
somella o chiflo de Pan.

¡Santo Cristo de Xende...!
¡Roxa e mol terra do pan...!
Pastan as nubens na frouma
dos piñeiros mais lanzals.

A CANDELORIA

Na catedral do abrente
oxe cásans'os paxaros,
cón nubens de neve e ouro
está o ceo galanado.

Ficou o día ancorado
na ría donda do ceo.
Os roibens soben no lonxe
como rosarios d'encenso.

O xantar do casamento,
roibo, na palma da man
das eiras madrugadoras
xa está arraxado no val.

Vai tocando pol-o campo
a sua zanfona o rego
e canta o vento nas farpas
sonoras dos piñeiros.

O campo as montanas ruzas
envolve en capa pluvial
co hisopo do sol mollado
dalles a beizón nupcial.

Do casebre nugallán
soben os vivos dos galos
e na festa d'esta noite
estrena un luar o campo.

O GAITEIRO

Na gayola de buxo do punteiro,
canta o lírico vento beilador
do campo amañecente, envolto en néboa,
chíos de verdeirol madrugador.

Os saloucos mollados da herba nova,
os baluzes esparsos do pai sol.
—Pol-as mans do gaitero pasa o río
das cantigas rizadas que hai no fol—.

Nos ollos orballados do gaitero
hai romaxes sin fin, tolos de cor,
angurías magnéticas do día
na sanguenta traxedia do Sol-por.

No seu xemer leva a gaita
afogado un corazón
e a alma da nosa terra
vai envolta na emoción.

Creouna o vento galego
e cando arele chorar
todol-os ríos do campo
dos seus ollos correrán.

E, no ergueito roncón da gaita celta,
todai-as curiscadas do delor,
pousaranse na frouma do seu canto,
dependuradas no choroso son.

O C E G O

Nas suas mans primadeirales
que unxidas de alma leva,
os seus dedos sabios fian
na mazaroca da brétema.

O corazón do campo
reza nos seus ouidos,
letanías de cores
en poemas de sóidos.

Baixo a ágoa estremecida
do seu violín labrego,
nun salayo agoniante
latexa un sol amarelo.

Diante d'el, na corredoira,
o verde vento do mar,
lle ofrece a sua man piadosa
de lazariño aldeán.

Os cadávres dos seus ollos,
que fan a sua vida tráxica,
entérreaos no cadaleito
da surrisa ensanguentada.

E o probe ceguiño
enloita a sua voz,
pidindo unha esmola
pol-o amor de Dios.

O CRUCEIRO

O xesto monacal da pedra
benzoa o acougo da aldea...

Axiónllanse os camiños
abrazados ao cruceiro,
nunha azul eternidade
de pedra e ceo.

A agonía do sol-por
conmove o planto da terra,
e a paisaxe presígnase
con santas cruces de pedra.

A campaiña de prata
do día,
latexa un *ángelus*
de epifanía.

E o sol agoniante
ven a encravarse na cruz,
abrindo os marelos brazos
como o salvador Xesús.

FOGUETE

Rube o foguete ás outuras
facendo sega de estrelas
¡Dourad ooutono de gachos!
¡colleita das luces secas!

Como pedradas os tira
o labrego fogueteiro,
escachando con estrondo
o vidro do outo ceo.

Beira do río, os tellados
empúrranse a coller canas,
e con medo de rapaces,
engorripan as espaldas.

No queipo do val caíran
xa serodios, os luceiros,
como os acios de albariño
nas vendimas do setembro.

Aló, no lonxe da ría
o aldeán vento mareiro,
botando escumas de foulas,
arremeda ao fogueteiro.

L A R

Anda a choiva no tellado
como unha galiña choca,
que nesta noite ficara
do poleiro porta afora.

Con arelanzas de lobo
o vento abanea as portas
e oubea doidamente
nas tebras molladas, fondas...

Alá xunto da cociña
oíse o meniño que chora,
aterecida de medo
sua voz no silencio aboya.

As mans abuadas da choiva
baten nas costas do mar
e con leda brincadeira
a foula canta un cantar.

Aceiteira...

Vinagreira...

Chascorrás...

ENTERRO

Rosario de salayos
na lama do camiño
a pur do morto arastro.

Os sinos sachaban
no camposanto
terra mollada.

No frío silencio
caiu a pedrada
do cadaleito.

Bicaron ao morto
os beizos mollados
do ceo d'outono.

Ficaron as bágoas
e as despedidas
tamén enterradas.

3



A MAÑÁN DE CORPUS

Poi-a mañan de ben cedo
colmeas d'ouro, as campanas,
espallan o fulvo enxame
de viaxeiras badaladas.

Cheiran a xardín as ruas,
alamedadas de rosas.
No ár chilan anduriñas
como nenos sin escola.

Poi-a ría, van as dornas,
moceiras, engalanadas.
O sol —manso boy bermello—
pasta no verde das ágoas.

As córes do arco da vella
ferven na Danza de Espadas.
Na ágoa dos tamboriles
aboya unha ribeirana.

CANZÓN DO TEMPORAL

Os berros dos mazaricos
rachan as sedas do mar
no carro das mouras nubens
ven do sur o temporal.

Nas barras e nos peiraos
rompen as foulas cristadas
de lostregos azuados
das estrelas afogadas.

Púxose o ceo de loito
pol-os que van afogar.
As centeilas como trallas
baten no lombo do mar.

TABERNA

Chove fora. Nas pozas
aboya a luz do gas.
Na lameira da rua
entérrase un cantar.

Mariñeiros de Amberes
de Cork e Rotterdam..
O acordeón borracho
fala inglés, alemán...

.
Na folla do coitelo
fuxe a luz cal no mar.

NOCTURNO DE BURGO BAIXO

Enovelados no fulgor da lua
os faroles nas pozas aluciantes,
co xesto recadado do asesino
lavan as longas mans cheas de sangue.

Pol-as ruas eivadas desprunaba
a albar riola das fuxidas horas.
O tempo foi deitarse antr'as montanas
no leito branco e mol das nubens mortas.

No silencio hai un crimen inconfeso
a noite ten o corazón fendido
dos seus ollos cegados pol-as tebras
escoa a vida nun xemer de río.

CAMPANAS

Quixera bañar
o meu corazón
no morno lirismo
d'un rayo de sol.

ALALAS

Son lostregos do verde mollado,
que aturuxan nas ponlas dos pinos
pregoando a chegada do día,
os tremantes cantares doídos
que maina acompasa
a chorosa fuxida do río....

A alma do campo choraba nos ceos
unha sonatina de violoncellos.

CALOR

No vulturno acorado da sega
a ría debulla
mazorcas de sol.

O vento mareiro silenzoso chega,
a durmir a sesta
no céspede mol.

EPIFANÍA

No queipo de vimio
o neno labrego
era un roibo Xesús pequeniño.

O QUE MORREU
NO MAR

Tiña doce netos
aquele mariñeiro,
todos eles caben
debaixo d'un cesto.

S P L E E N

O día amarelo
aboyaba morto
nas ágoas do ceo.

CALMA CHICHA

As ruas amarelas
con perguiza de bois
levaban deic'o mar
quentes feixes de sol.

BEIRA

O mar borracho de sol
anda a tombos pol-a praya,
a montana lavandeira
bota areales nas ágoas.

NOITE

A cibdade pesca a ardora
e diante da sua rede
de luces d'ouro tomado
fuxe a lua como un peixe.


ÉGLOGA


Mama o campo oxe
leite de campanas,
para él monxe o crego
quentes bateladas.


AFOGADO


A água tan serea
como o ceo quedou,
mais aboya a luz da lua
o cadavre da sua voz.


FOY FEITO O PRESENTE LIBRO
NO ANO DE 1924
E ACABOUSE D'EMPRENTAR NOS TALLERES
DO "DIARIO DE PONTEVEDRA,"
POL-OS PRIMEIROS DIAS DO MES DE
SAN XOAN DE 1927.











TRES PESETAS.

REAL

A

14

Bi

L ACA
GALE
CORU

40
liote